



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC

(Secretaría)

**ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Manuel Domínguez Álvarez, Juan José Rodríguez Grandal, Marcial García Freijeiro, M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4190.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 DE DECEMBRO DE 2015, NUMERO 525.- Dáse conta do contido da acta anterior do 29 de decembro de 2015, número 525 e ao non suscitarse observación ou rectificación ningunha, esta queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

4191.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4184.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR EMIGDIO GÓMEZ FUENTES CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE 325/15 POR OBRAS EN INMOBLE SITO EN AVDA. DA CRUZ, 20 DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao solicitante; 4185.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR DOLORES MAQUIEIRA RODRÍGUEZ CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE 326/15 POR OBRAS EN INMOBLE SITO EN CARREIRO DO CAMPO, 4 DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á solicitante; 4186.- PATRIMONIO, DAR CONTA DO ACORDO NUMERO 13534 DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30-11-2015 SOBRE RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN ACORDO PLENARIO NÚMERO 3833.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao solicitante; 4187.- APERTURAS, MODIFICACIÓN ORDENANZA FURANCHOS PUBLICADA NO BOP 19-12-2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no BOP de Pontevedra; 4188.- SECRETARIA, RATIFICACIÓN ACTA DA COMISIÓN DE DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS DE POIO E PONTEVEDRA, COMISIÓN DE POIO, REALIZADA O 18 DE DECEMBRO DE 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Dirección Xeral de Administración Local; 4189.- DAR CONTA DO CONTIDO DO INFORME DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

SÓLIDOS URBANOS ELEVADO Á CONSIDERACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN NA SESIÓN REALIZADA O 23 DE DECEMBRO DE 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Servizo de contratación e intervención municipal.”

A Corporación dáse por enterada.

4192.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A corporación dáse por enterada.

4193.- ESCRITO VARIOS COLECTIVOS DO SECTOR DO MAR DESTE CONCELLO SOLICITANDO QUE SE INSTE A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA.- Pola Secretaria da sesión dáse conta do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 21 de xaneiro de 2016 e que di textualmente: “Os abaixo asinantes, na representación que se cita, propoñen aos Grupos Municipais para que presenten ao Pleno da Corporación, para debate e resolución, a seguinte proposta: Exposición de Motivos

Sobre a importancia do sector do mar de Galicia na economía local

O sector do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: mariscadoras a pe, bateeiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Con empregos estables, tamén en épocas de crise, porque están menos expostos ao ciclo económico -ao contrario do que acontece noutras actividades-. O sector do Mar representa o 4% da produción total da economía galega e da traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.

Tamén é un sector estratéxico na economía local polo emprego que induce en diversas actividades en terra:

- empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores)
- empresas provedoras de servizos e suministros (estaleiros, cordelerías, carpintería, montaxes e maquinaria)
- actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc.

Á importancia económica do sector do mar únese ao valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, o que o converte nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, ten unha enorme contribución cualitativa, dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, a un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico: o turismo. O turismo en Galicia esta baseado en tres piares: a catedral compostelán, a etnografía/paisaxe e a gastronomía.

Así pois, a fortaleza do sector do mar de Galicia está tamén na paisaxe que as actividades do mar deseñan nas rías: as bateas, as embarcacións de pesca e o marisqueo tanto a flote, como a pe nas praias. E ao resultado desas actividades con peixes e mariscos ao que os consumidores outorgan alta estima e prestixio, pois forman parte da excelsa gastronomía de Galicia.

Ninguén dubida de que todos os negocios grandes e pequenos vencellados a actividade turística, directa ou indirectamente, deben boa parte da súa actividade económica ao sector do mar de Galicia.

Sobre o anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia

O pasado 1 de outubro, o Consello da Xunta iniciou a tramitación do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, sen un diálogo previo cos sectores produtivos do mar. Saíu a exposición pública no Diario Oficial de Galicia do 19 de outubro, por prazo dun mes e, posteriormente, ese prazo ampliouse ata o 15 de decembro do 2015 polas protestas orixinadas.

Primeiro foi elaborada a ESGA (Estratexia Galega de Acuicultura) que, segundo propia definición, é un documento de estratexia e orientación política. Agora este Anteproxecto de Lei de Acuicultura incorpóra e dálle rango normativo de obrigado cumprimento.

Entre outros elementos o Anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla:

- o Plan de Ordenación da Acuicultura Litoral en Terra, que establece:
  - que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura intensiva,
  - o privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos
  - a imposibilidade de que os Concellos poidan decidir sobre a implantación de ditas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal
- O Plan de Ordenación de Cultivos Mariños, que establecera para cada zona das Rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar.

De se aprobar como Lei, consolida un trámite lexislativo fraudulento e un engano a cidadanía, aos administrados, e tería como principais perxudicados a toda a xente do mar.

As autorizacións de marisqueo que pasen a ser acuicultura outorgaráselle unha concesión temporal e -como o resto das concesións- quedan obrigadas a producir uns rendementos mínimos, haberán de pagar os canons por superficie ocupada (con risco de viabilidade económica das confrarías) e terán que pasar as embarcacións a 4a lista perdendo os permex de outras actividades, unha vía máis para a extinción da pesca tradicional e o marisqueo a pe ou a flote.

Todas as concesións, ao remate ou de non cumpriren os rendementos mínimos, sairán novamente a concurso público e serán concedidas con discriminación que favorece aos máis fortes, xa que obriga a competir a xente do mar contra multinacionais en criterios como maior solvencia económica, financeira e técnica.

Van privatizar o mar a favor das grandes empresas multinacionais.

A lei está deseñada para implantar a peixicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso foráneas ou exóticas, que poderían acabar sendo invasoras do medio natural.

Para a implantación da peixicultura intensiva, a Lei impulsa a Acuicultura Multitrófica Integrada-AMTI, técnica de cultivo que consiste nun monocultivo de peixe carnívoro (salmón, etc) que utiliza especies extractoras (moluscos, algas). Esta técnica busca reducir os niveis de contaminación xerados polas gaiolas de peixes co obxectivo de mellorar a súa imaxe pública na procura da aceptación pola sociedade e así, favorecer a súa implantación e a ocupación das augas das Rías.

Para garantir a implantación dos obxectivos da Lei establece un réxime sancionador represivo e desproporcionado.

A aprobación da Lei e a implantación a escala industrial de gaiolas de peixes vai provocar diversos efectos negativos sobre o medio ambiente:

- Para producir un quilo de peixe precísanse entre 4 e 6 quilos de peixe salvaxe, o que vai supoñer a depredación das pesquerías.
- A contaminación das Rías está asegurada: excrementos e refugallos de peixes, de pensos, fármacos (vacinas, antibióticos) e produtos químicos (antiincrustantes, antiparasitarios), propagación de enfermidades e parasitos, etc. Contaminaranse as augas, afectarase a calidade e cantidade dos nosos recursos e deteriorarase a biodiversidade do medio mariño onde todos traballamos, que é patrimonio de todos os galegos/as.
- A contaminación de peixes e mariscos podería levar aparellada vedas "técnicas" ou a prohibición de actividades de pesca e marisqueo por razóns sanitarias.
- Asemade, a degradación do medio podería ter impacto directamente relacionado coas toxinas PSP, ASP e DSP.

Esta Lei defende intereses alleos e vai perturbar a convivencia tradicional e harmónica dos sectores do mar: mariscadoras, mariñeiros, parquistas, mexilloeiros, etc

O Anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos intereses das persoas que viven do Mar de Galicia. Ningún sector do mar está conforme coa Lei porque entende que está deseñada para dismantelar os sectores produtivos primarios, e empobrecerá as comarcas costeiras.

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:

- a calidade das augas do medio mariño,
- o afortalamiento do tecido produtivo e o potenciamento das actividades primarias incentivando a cooperación con linas de apoio ao desenvolvemento colectivo.
- a recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda, e polo tanto da oferta de produtos do mar de Galicia, sans e naturais.
- o incremento do valor engadido dos nosos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fora.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Galicia temos solicitado a Consellería do Mar a retirada do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia e propoñemos que o Pleno Municipal acorde:

1.- Instar á Consellería do Mar á retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, e ao Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.

2.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a: PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA), Avda. Dr. Tourón nº 44 -entrechán, C.P. 36600, correo electrónico pdrarousa@gmail.com.”.

O Sr. Alcalde di que as peticións quedan recollidas claramente no escrito que se presenta manifestando o apoio da corporación ao sector e solicita que ademais se remitan os acordos aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros presta aprobación ao texto presentado adoptando o seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Asumir o contido dos escritos presentados con data 21 de xaneiro de 2016, número rexistro de entrada 243 e de 22 de xaneiro de 2016, número rexistro de entrada 244 e instar á Consellería do Mar á retirada do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia e ao consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito anteproxecto.

**Segundo:** Remitir o presente acordo á Consellería do Mar, Consello da Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e ás confrarías de pescadores de Lourizán, Pontevedra e Raxó.

4194.- MOCIÓNS, GRUPO MUNICIPAL POPULAR, MOCIÓN PARA IMPULSAR O TRÁMITE DIALOGADO DO PROXECTO DE LEI GALEGA DA ACUICULTURA.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais polo voceiro do Grupo Municipal Popular solicítase a retirada do expediente da orde do día ao estar directamente relacionado co punto anterior 4193. A Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros presta aprobación á solicitude plantexada.

4195.- MOCIÓN, GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, MOCIÓN SOBRE A LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais pola voceira do Grupo Municipal Socialista solicítase a retirada do expediente da orde do día ao estar directamente relacionado co punto anterior 4193. A Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros presta aprobación á solicitude plantexada.

4196.- ACTUALIZACIÓN TÁBOA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Persoal de actualización da táboa salarial do persoal laboral do Concello de Poio cos seguintes ANTECEDENTES:

– Proposta do Concelleiro de Persoal de data 5 de xaneiro de 2016 que expón: “Con data 28 de decembro de 2015 publicáronse os Orzamentos Municipais do exercicio 2016 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e coa finalidade de dar coberturas as melloras salariais que neles se contemplan propónse a aprobación da modificación do Anexo I.- Táboa salarial e Trienios do vixente convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Poio publicado no BOP do 13 de febreiro de 2014, segundo a táboa que se xunta coa finalidade da realización dos trámites necesarios para a publicación do mesmo.”.

– Anexo I. Táboa Salarial

#### ANEXO I.- TÁBOA SALARIAL

Persoal Laboral Fixo, indefinido e contratado dependente do Concello de Poio

Grupo	Subgrupo/Categoría	Soldo base	Prorrata extra	Soldo+Prorrata	Complem Posto	Total Mes
1	T.G.S	1.048,58	174,76	1.223,35	1.278,37	2.501,71
2	T.G.M	988,66	164,78	1.153,44	949,59	2.103,03
3	Administrativo	850,85	141,81	992,66	668,89	1.661,56
4	Oficial servizos	928,74	154,79	1.083,52	277,39	1.360,91
	Auxiliar administrativo	701,05	116,84	817,89	613,01	1.430,90
	Monitor deportivo/socorrista	701,05	116,84	817,89	613,01	1.430,90
5	Peón de servizos	778,95	129,83	908,78	306,32	1.215,10
	Limpador	707,05	117,84	824,89	390,82	1.215,71
5	Conserxe	719,03	119,84	838,87	392,73	1.231,60

#### TRIENIOS

Grupo	Subgrupo/Categoría	Trienio
1	T.G.S	31,46
2	T.G.M	29,66
3	Administrativo	25,53
4	Oficial servizos	27,86
	Auxiliar administrativo	21,03
	Monitor deportivo/socorrista	21,03
5	Peón de servizos	23,37
	Limpador	21,21
5	Conserxe	21,57

– Acta da reunión da Mesa Xeral de Negociación do Concello de data 8 de xaneiro de 2016 dos representantes dos traballadores na prestan a súa conformidade a actualización da táboa salarial.

– Informe de data 13 de xaneiro de 2016 emitido pola Secretaria Xeral.

– Ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de xaneiro de 2016.

Toma a palabra o Sr. Martínez Blanco que procede a explicar o contido do expediente así como a finalidade.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros presta aprobación ao expediente presentado adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación, con efectos económicos 1 de xaneiro de 2016, á actualización do Anexo I táboa salarial e importe dos trienios correspondentes do persoal laboral do Concello de Poio publicada no BOP de Pontevedra do 13 de febreiro de 2014 nos termos que constan no expediente.

**Segundo:** Remitir o seguinte acordo á Consellería de Traballo aos efectos da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Persoal, Tesourería e Intervención Municipal.

4197.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 2/2016 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 18 de xaneiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 14 de xaneiro de 2016, Memoria e Providencia da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2016 e do informe da interventora municipal de data 14 de xaneiro de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se propón para a súa aprobación unha modificación de presuposto mediante suplemento de crédito por importe de 356.693,20€ correspondente a facturas rexistradas no exercicio 2015 pendentes de aprobación nese exercicio por falta de crédito orzamentario, motivo polo cal se emite informe de reparo por parte da Intervención Municipal. A modificación orzamentaria se leva a cabo xa que as aplicacións onde se pretende dotar crédito non presentan dotación orzamentaria suficiente no orzamento do exercicio 2016.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adoptados se propón:” Primeiro: levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación á modificación orzamentaria nº 2/2016 en canto ás facturas emitidas por un importe total de 356.693,20 €, que se pretenden aprobar coa realización da mencionada modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con baixas. Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº2/2016, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 356.693,20€. Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable. Cuarto: unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde a aprobación definitiva, se proceda a aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 2/2016 obrante no expediente, por importe total de 356.693,20€, unha vez o Pleno levante o informe de reparo emitido con relación as mesmas o entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación.”

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do P.P. acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes.

O Sr. Barreiro Lubián explica a finalidade do expediente que se presenta.

A Sra. Besada Lores manifesta o seu apoio ao expediente xa que se trata de aprobar unha serie de facturas do exercicio 2015 para a prestación de servizos á veciñanza que non tiñan crédito.

O Sr. Moldes Martínez manifesta a súa disconformidade co expediente tramitado en base aos informes que constan no expediente e que se trata, ademais, dunha práctica reiterada dun ano para outro.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o expediente tramitado o que queda aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación á modificación orzamentaria nº 2/2016 en canto ás facturas emitidas por un importe total de 356.693,20 €, que se pretenden aprobar coa realización da mencionada modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con baixas.

**Segundo:** Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº2/2016, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 356.693,20€.

**Terceiro:** Someter o expediente ao trámite de información pública tal como se establece na lexislación aplicable.

**Cuarto:** Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde, se proceda a aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 2/2016 obrante no expediente, por importe total de 356.693,20€, unha vez o Pleno levante o informe de reparo emitido con relación as mesmas o entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación.

4198.- MODIFICACION DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 18 de xaneiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Concelleira Delegada de Deportes, de data 12 de xaneiro de 2016, da Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Festexos, de data 11 de xaneiro de 2016, do informe da Intervención Municipal de data 13 de xaneiro de 2016 e da Proposta da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2016 que, textualmente, di o seguinte:“ PROPÓN: Modificar o anexo de subvencions nominativas aprobado xunto co Orzamento do presente exercicio 2016 co fin de:

Primeiro: incluír unha subvención nominativa a nome de Sonia Álvarez Alonso, en concepto de Campionato Policías e Bomberos, por importe de 400€.

Segundo: modificar a denominación do Clube Ciclista Monte Abaixo, que pasa a denominarse Club Ciclismo-Triatlón Poio segundo a documentación presentada no Rexistro Xeral do Concello.

Terceiro: eliminar a subvención prevista para a Escola Infantil de Tarrío, por importe de 200€ (motivada na non actividade do centro escolar).

Cuarto: incrementar no importe de 200€ o importe da subvención prevista para “Asociación Todos contra o lume co galo Fodorico” coa finalidade de colaborar coa organización do enterro do galo Fodorico en Arís, pasando a ser o importe consignado para a mesma 950€ e variar a Asociación beneficiaria da mesma, pasando de ser a Asociación mencionada a ser a Asociación Ronsel.

Quinto: proceder os trámites de publicidade previstos para a aprobación do Orzamento nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.”

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes.”

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o expediente tramitado o que queda aprobado polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a modificación do anexo de subvencions nominativas aprobado xunto co Orzamento do presente exercicio 2016 co fin de incluír unha subvención nominativa a nome de Sonia Álvarez Alonso, en concepto de Campionato Policías e Bombeiros, por importe de 400€, modificar a denominación do Clube Ciclista Monte Abaixo, que pasa a denominarse Club Ciclismo-Triatlón Poio segundo a documentación presentada no Rexistro Xeral do Concello, eliminar a subvención prevista para a Escola Infantil de Tarrío, por importe de 200€ (motivada na non actividade do centro escolar) e incrementar no importe de 200€ o importe da subvención prevista para “Asociación Todos contra o lume co galo Fodorico” coa finalidade de colaborar coa organización do enterro do galo Fodorico en Arís, pasando a ser o importe consignado para a mesma 950€ e variar a Asociación beneficiaria da mesma, pasando de ser a Asociación mencionada a ser a Asociación Ronsel.

**Segundo:** Proceder os trámites de publicidade previstos para a aprobación do Orzamento nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

4199.- DAR CONTA INFORME CUARTO TRIMESTRE EJERCICIO 2015 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA PREVISIÓN ESTABLECIDA NO ARTIGO 10 DA LEI 25/2013, DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE

FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO E NO ARTIGO 4 LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 20 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITADE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 18 de xaneiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 13 de xaneiro de 2016 da previsión establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e no artigo 4 Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 20 de decembro, pola que se establecen medidas de loitade medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do expediente manifestando que: 1º) que constan rexistradas antes do 30 de outubro de 2015 130 facturas que ascenden a un importe total de 389.653,55 € as cales se atopaban pendentes de recoñecemento a 30 de decembro de 2015 e 2º) que as facturas que se atopan a 30 de decembro de 2015 pendentes de abono fora do período legal de pago ascenden a 281 facturas e a un total de 617.984,97€; por outra parte, as facturas pendentes de pago dentro do prazo de pago ascendían a 153 facturas e a unha cantidade total de 181,408,46 € .

Así, o período medio pendente de pago das facturas aprobadas (PMPP) ascendeu no cuarto trimestre do exercicio 2015 segundo o cálculo efectuado polo programa contable existente, salvo erro ou omisión involuntaria, a 90,70 días.

Ademais os pagos realizados no cuarto trimestre do exercicio 2015 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de decembro de 2015, a un total de 1117 facturas e a unha cantidade total de 1.425.724,32 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de decembro, a un total de 246 facturas e a unha cantidade total de 295.044,79 euros.

Así, o período medio de pago (PMP) ascendeu no cuarto trimestre de 2015, segundo o cálculo efectuado polo programa contable existentes, salvo erro ou omisión involuntario, a 25,53.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún, a corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4200.- TRAMITACIÓN EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE DESAFECTACIÓN DO BEN INMOBLE DESTINADO A ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL SITA EN CAMIÑO TARRIO 21 DO LUGAR DE TARRIO NA PARROQUIA DE SAMIEIRA.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Patrimonio e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 18 de xaneiro de 2016 e que di textualmente: “ Dáse conta do expediente, do informe da Secretaría Municipal de 13 de xaneiro de 2015 e da Providencia da Alcaldía de data 17 de novembro de 2015 que, textualmente, di o seguinte: ” O Concello de Poio é propietario do ben inmovible de referencia catastral 1666231NG2916N0001ZF cunha superficie construída de 142 m<sup>2</sup> ubicado nunha parcela de superficie total de 644 m<sup>2</sup> (segundo certificación descritiva e gráfica expedida polo Servizo de Patrimonio con data 24 de novembro de 2015) sito en camiño Tarrío 21, con cualificación xurídica de ben de servizo público, inscrito no Libro de Inventario de Bens da Corporación Local, asentos 033 e 057 e destinado a escola infantil e actualmente en desuso por supresión segundo o artigo 2 Anexo IV da Orde do 6 de xullo de 2015, pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta Consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial publicada no DOG do 21 de xullo de 2015.

Considerando a necesidade de tramitar o correspondente procedemento de alteración de cualificación xurídica do ben anteriormente descrito, de conformidade co artigo 8 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

PROPOÑO, previo informe de oportunidade e legalidade pola Secretaría e os servizos técnicos, que se proceda a tramitar o correspondente expediente de alteración da cualificación xurídica



desafectación do ben inmovible destinado a Escola de Educación Infantil sita en Camiño Tarrío 21 de Tarrío converténdose o ben inmovible de dominio público nun ben inmovible de carácter patrimonial.”

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes presta aprobación ao expediente tramitado adoptándose o seguinte ACORDO:

**Primeiro**: Aprobar inicialmente á desafectación do Inmovible (Construción e parcela) sito en Cmño. Tarrío, 1 de Samieira e referencia catastral 1666231NG2916N0001ZF e destinado a Escola Infantil de Tarrío.

**Segundo**: Someter o expediente á información pública polo prazo de 1 mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Terceiro**: Solicitar da Consellería de Educación a preceptiva autorización para un uso ou servizo distinto ao de educación, de conformidade co establecido na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, de ordenación xeral do sistema educativo.

**Cuarto**: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4201.- ESTATÍSTICA-ALCALDÍA, PROPOSTA SOBRE DIVISIÓN MESAS ELECTORAIS DO DISTRITO 02 – SECCIÓN 01 NO LOCAL ELECTORAL CARREIRO DO CAMPO, 17, COMBARRO.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Estatística e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 18 de xaneiro de 2016 e que di textualmente: “Previa declaración urxencia por unanimidade, dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 14 de xaneiro de 2016 que, textualmente di o seguinte: “Visto o listado de Mesas Electorais pódese observar que as mesas correspondentes ao Distrito 02 – Sección 001, Mesas A e B ubicadas no Local Electoral ESCOLA DO CAMPO de Combarro pasan dos 1.500 electores o que fixo que no último proceso electoral se demore excesivamente o escrutinio, esta Alcaldía PROPÓN que, para as sucesivas eleccións, se distribúan os electores en 3 Mesas Electorais A, B, e C sendo o mesmo Local Electoral.”

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes presta aprobación ao expediente tramitado adoptándose o seguinte ACORDO:

**Primeiro**: Aprobar unha nova distribución das mesas electorais correspondente ao Distrito 02 – Sección 001 consistente na incorporación dunha nova mesa quedando Mesa A, B e C ubicadas no Local Electoral Escola do Campo para as vindeiras eleccións.

**Segundo**: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.

### **Anexo**

Rematado o exame dos asuntos do día, o alcalde de conformidade co establecido no art. 228.2º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais, abriu unha rolda de preguntas e rogos para o público asistente.

Toma a palabra unha das mulleres presentes identificada como veciña de Raxó chamada Laura quen sinala que pese a tempo transcorrido dende que presentaron a súas reivindicacións e o escrito de xuño de 2015 respecto do camiño da Granxa, non se fixo nada, sinalando a continuación toda una serie de incidencias que lles afectan ( non pasan as ambulancias, bombeiros etc). Así mesmo insta a que se inicie un deslinde de termos municipais para que se poida agrupar A Granxa (Sanxenxo).

Roga a todos os grupos políticos que leven a cabo actuacións para solventar o problema e manifesta que sabe que hai fondos de Deputación cos que se podería levar a cabo.

O alcalde lle resposta que é coñecedor do seu problema.

O voceiro do grupo municipal PP indica que ademais de ser sabedor do problema, formulou unha pregunta na Comisión Informativa de Urbanismo e se lle respostou que se estaban a pedir presupostos. Agora xa están todos presentes.

Toma a palabra D. Gregorio Agís e manifesta que os veciños faloron con el no verán e dende dita data se están a levar a cabo actuacións sen que lamentándoo lles poida dar unha data concreta.

A continuación iníciase un intercambio de opinións entre a mesma veciña e D. Gregorio Agís sobre a colocación dos novos contedores de RSU na zona.

O Alcalde aclara que no PXOM se recollen cesións para a zona polo que terán que deberán axustarse as aliñacións fixadas, ben mediante cesión voluntaria ou a través dun proxecto de expropiación.

De novo se retoma o tema orzamentario e o voceiro do PP pregunta con cargo a que partida se van a levar a cabo as actuacións.

Toma a palabra D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores quen lembra aos veciños/as que na derradeira reunión se lles dixo que se levaría a cabo un levantamento topográfico e xa está feito; que se faría un escrito para que o asinara cada veciño e xa está feito e agora procede empezar as negociacións con cada un deles. Explica os motivos polos que non se pode aplicar os fondos da Deputación Provincial ás cesións e a necesidade de que sexan fondos propios.

O Alcalde indica que polo momento non se poden concretar os importes das actuacións ata que se sepan cantos ceden voluntariamente, pechando a rolda de intervencións polo público, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos.